

MEMORIA DE ACTIVIDADE 2022

- PROXECTO ABRINDO CANCELAS CON FLORES
- PROXECTO MORGANA

PROXECTO “ABRINDO CANCELAS CON FLORES”

O obxectivo principal é mellorar a convivencia a través de fortalecer as capacidades cooperativas do tecido social dentro da prisión para xestionar, pola vía do diálogo e de forma non violenta, os conflitos e os retos do dinamismo social e da diversidade. O proxecto foi financiado pola Secretaría de Igualdade (procedemento SI427A) e a Deputación provincial de Ourense.

Obxectivos específicos:

- Reducir o nivel de conflitividade, mediante a prevención e a xestión pacífica dos conflitos.
- Fomentar a convivencia facendo ás partes en conflito partícipes e corresponsables da xestión das súas diferenzas.
- Mellorar o diálogo entre as persoas aceptando que o conflito ten unha vertente positiva.
- Prever a violencia dentro da prisión potenciando a aprendizaxe dunha ferramenta, como a mediación, orientada á resolución construtiva de conflitos.
- Facilitar a adquisición de estratexias e habilidades necesarias para a xestión de conflitos.
- Fomentar un clima socioafectivo entre as persoas que participen en actividades de mediación e de formación para a mesma, de tal modo que poidan experimentar unha vivencia de encontro interpersoal.

ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAS DESTINATARIAS

O proxecto lévase a cabo no Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, situado na provincia de Ourense, dende maio de 2019 ata a actualidade, financiado pola Secretaría de igualdade co procedemento SI427A, de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade. As persoas destinatarias foron as internas no módulo de mulleres e as mulleres o saír de prisión.

ACTUACIÓNS

- Servicio de Mediación no módulo de Mulleres
- Obradoiros de habilidades para a xestión de conflitos en prisión
- Grupo de Axuda Mutua
- Atención psicolóxica
- Servicio de orientación psicosocial e orientación laboral á saída de prisión.

RESULTADOS

Atendéronse 27 mulleres co programa. Nos obradoiros participaron 16 mulleres.

A avaliación foi contemplada como unha actuación máis, transversal e constante en tódalas accións a desenvolver. A partir da avaliación continua e o seguimento puidéronse mellorar os procedementos, reaxustar os obxectivos, establecer medidas correctoras e identificar os métodos e protocolos de intervención e colaboración máis exitosos.

En relación ós instrumentos, para a avaliación observáronse os resultados directos da intervención. Realizouse unha avaliación de carácter cualitativo a través de entrevistas e grupos de discusión, avaliando a satisfacción das participantes nas actividades.

Por outra banda, utilizamos indicadores cuantitativos, obxectivos e controlables a corto e a medio prazo que permitan avaliar a eficacia e a eficiencia, comparando os resultados previstos e os reais:

Nº de mulleres que reciben atención individual da psicóloga: 4

Nº de mulleres que participan no grupo de axuda mutua: 21

Nº de casos atendidos no servizo de mediación: 23

Nº de Mulleres que realizan algunha consulta a traballadora social: 7

Nº de Mulleres que realizan o itinerario de orientación laboral: 7

Nº de Mulleres que participan no obradoiro para a xestión emocional: 16

PROXECTO MORGANA

Este proxecto levouse a cabo na cidade de Ourense. O local situado na rúa Doutor Marañón 13 e foi financiado pola secretaría de Igualdade coa liña 2 de Fomento do asociacionismo de mulleres (SI437A) e por voluntariado da xunta de Galicia (BS508B)

Traballouse con medidas de acción positiva para á igualdade e a promoción da autonomía persoal e a integración social, buscando o desenvolvemento das capacidades das persoas participantes. A través das áreas de comunicación, sensibilización e información do proxecto, tentouse impulsar a introdución da perspectiva de xénero.

O Proxecto de voluntariado responde a realidade vivida polas mulleres que se atenden nos programas da asociación, mulleres en situación de vulnerabilidade, que acaban de saír de prisión e mulleres vítimas de violencia machista.

A entidade traballa na eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller, tanto nas esferas política, social, económica como cultural, buscando o pleno desenrolo e adianto da muller. Nas mulleres que se atenden dende a entidade observamos como principal problema a precariedade económica e a falta de apoios para atender as cargas familiares non compartidas.

Co Proxecto de voluntariado do Programa Abrindo cancelas con flores, pretendeuse facilitar o apoio e acompañamento en xestións administrativas e na atención ás crianzas.

Nas actividades participaron persoas con diversidade funcional. O local da entidade é accesible para cadeiras de rodas xa que está a nivel da rúa. Para as xornadas había a posibilidade de tradución en lingua de signos, a través dunha socia que o faría de xeito voluntario, pero non se deu a necesidade.

ACTUACIÓNS

Dividíronse as accións en cinco liñas de actuación:


- Información e difusión do servizo de voluntariado
- Coordinación do voluntariado da entidade.
- Información e Sensibilización á poboación en xeral.
- Programación de accións formativas para o voluntariado da entidade.
- Avaliación.

Información e difusión do servizo de voluntariado

Utilizáranse varias vías de promoción do servizo para chegar á comunidade, como



cartaces en lugares chave. Toda a publicidade e material creado relativo á actividade subvencionada foi realizada en lingua



galega.

Tamén se difundiron as actividades dende a web e as redes sociais:

[Proxecto de voluntariado | Misitio \(asociacionparticip.wixsite.com\)](http://Proxecto de voluntariado | Misitio (asociacionparticip.wixsite.com))



Coordinación do voluntariado da entidade

A persoa responsable de coordinación, encargouse da recepción do voluntariado, concretar o seu compromiso de acción, programar a súa formación e supervisar a súa actividade.

Foi a encargada de organizar ó persoal voluntario da asociación, para facer acompañamentos para diversa xestións ou visitas e recados, a persoas recluídas temporalmente no seu domicilio por problemas de saúde puntuais.

As actividades a desenvolver polas persoas voluntarias dentro do proxecto foron:

- Acompañamentos para diversas xestións.
- Visitas e recados a persoas recluídas temporalmente no seu domicilio por problemas de saúde puntuais.
- Atención puntual ás persoas dependentes destas mulleres, tanto crianzas como maiores para facilitar a saída a citas médicas, actividades formativo-laborais ou diversas xestións.
- Apoio na planificación e desenvolvemento das actividades de sensibilización e de ocio e tempo de lecer.

Información e Sensibilización á poboación en xeral.

O obxectivo desta actividade foi o de difundir entre toda a sociedade galega, a importancia e o valor da participación solidaria de carácter voluntario.

A través dunha campaña de captación de voluntarias para a entidade tratouse de fomentar o voluntariado. Desenvolveuse unha xornada formativa aberta a toda a cidadanía e de convivio o día 29 de outubro.

Formación para as persoas voluntarias

Durante as xornadas formativas desenvolvéronse actividades e casos prácticos, así como a análise de exemplos e os seus resultados.

A metodoloxía utilizada foi a activa-participativa e conversacional, dende o modelo aprender facendo, e que na exercitación da técnica de mediación tradúcese na aplicación dos contidos a situacións reais e vivenciadas.

O principio de motivación tamén se inclúe. Supoñemos que esta é materia do seu interese, ademais incluíranse actividades activación de ideas para favorecer a implicación dos asistentes.


Os contidos tratáronse de forma atractiva sempre unidos a un proceso de reflexión, a través de técnicas como:

- Dinámicas para constituír grupo (de presentación, de coñecemento, de cohesión do propio grupo).
- Outras dinámicas como a choiva de ideas, traballo en pequenos grupos, posta en común, elaboración de conclusións, etc.
- Actividades de cooperación.
- Simulacros ou dramatizacións (como rolle-playing para desenvolvemento de simulacións de casos).

Todas estas técnicas confiren un carácter próximo asegurando tanto a motivación como a asimilación fluída dos contidos, favorecendo a cohesión grupal.

Realizáronse accións formativas dirixidas exclusivamente ás persoas voluntarias para apoialas e orientalas para as accións nas que colaboran:

- Obradoiro Dicionario de igualdade. Un obradoiro de 6 horas levado a cabo en 2 sesións de 3 horas os días 23 e 30 de setembro de 2022, cada unha sobre conceptos básicos que nos permitiron por unha banda palpar os prexuízos en torno á igualdade, debater sobre eles e por outra banda aclaralos para que a conceptualización destes termos xere unha transformación de actitudes, condutas e accións.
- Obradoiro Abordaxe das violencias machistas. Desenvolveuse un obradoiro de 20 horas, en 5 sesións de 4 horas, os días 1, 8, 15, 22 e 29 de outubro. Neste obradoiro de deconstrución cultural dos roles de xénero e a detección das violencias machistas, buscouse ampliar o foco sobre as violencias machistas alén da violencia na relación de parella, procurando que o obradoiro sexa dinámico e vivencial, a través da participación e crear un espazo de apoio emocional onde as mulleres participantes poidan compartir e verse reflexadas nas violencias no ámbito familiar, de parella, laboral, espazos de ocio... que se vaian expondo.



Por outra banda desenvolveuse unha xornada de traballo o sábado, día 29 de outubro, Mulleres, violencias e saúde mental.

Nunha primeira parte unha voluntaria da entidade desenvolveu o Obradoiro Autoamor: Creando unha relación positiva comigo, de relaxación e autocoñecemento para introducir o tema e comezar dun xeito distendido.

A continuación desenvolveuse unha mesa de traballo coa participación da asociación de endometrose Queréndonos, de Beatriz Gómez Gómez, traballadora social da Unidade

de saúde mental do CHOU e colaboradora no grupo de traballo que está a desenrolar o protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario i educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil e mulleres participantes nos programas da entidade que aportaron a súa experiencia.



A mesa de traballo pretendeu responder varias cuestións. O debate xirou entorno a por que ser muller se considera un factor de risco cando falamos de saúde mental, como inflúen a sociedade patriarcal e androcéntrica que deriva en desigualdades sociais desfavorables para as mulleres, a súa invisibilización histórica, tanto do seu papel na sociedade como das súas necesidades, o que repercutiu nun abordaxe sesgado da súa saúde. A muller atopase en condicións de inferioridade na familia, na comunidade e na sociedade en xeral, ten menos grado de acceso ós recursos e de control sobre estes, con menos peso na toma de decisións.

Para pechar a mesa de debate plantexáronse alternativas para incorporar a perspectiva de xénero na saúde pública abordando a influencia dos factores sociais, culturais e biolóxicos para mellorar a eficiencia, a cobertura e a equidade dos programas de saúde. Algúns dos factores abordados foron a violencia machista, as agresións sexuais, o rol de coidadora, a discriminación laboral, a dobre xornada, a presión da maternidade, a pobreza, a clase social ou a migración.



Finalizouse a xornada cun vermou de convivio para compartir experiencias de xeito máis relaxado.

RESULTADOS

A avaliación contemplouse como unha actuación máis, transversal e constante en tódalas accións a desenvolver. Como xa se recolleu, a persoa coordinadora do servizo, levará a cabo unha xuntanza co persoal voluntario e coa Presidenta da entidade quincenalmente para facer un seguimento da actividade voluntaria.

A partir da avaliación continua e o seguimento poderanse mellorar os procedementos, reaxustar os obxectivos, establecer medidas correctoras e identificar os métodos e protocolos de intervención e colaboración máis exitosos.

Estableceremos indicadores cualitativos, avaliando tanto a satisfacción das persoas participantes no proxecto como das empresas.

Por outra banda, utilizaremos indicadores cuantitativos, obxectivos e controlables a curto e a medio prazo que permitan avaliar a eficacia e a eficiencia, comparando os resultados previstos e os reais.

En relación ós instrumentos, para a avaliación pódese dispor dos resultados directos da intervención e dos cuestionarios deseñados ó efecto. Tamén se realizará unha avaliación de carácter cualitativo a través de entrevistas e grupos de discusión.

INDICADORES	PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
Nº de Persoas voluntarias	3	6	6
Nº de mulleres que solicitan acompañamentos	3	12	14
Nº de mulleres coas que se realizan acompañamentos	3	12	14
Talleres realizados	0	0	3
Nº de persoas participantes na xornada formativa e de convivio	23		

A asistencia o obradoiros cumpriu as expectativas, acudindo tódalas persoas voluntarias. A participación foi moi activa. A demanda de acompañamentos foi cuberta sen problema co voluntariado existente e as mulleres usuarias amosaron a súa satisfacción co servizo.

Máis información en:

<https://asociacionparticip.wixsite.com/misitio>

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100016716168593>